

1.

Na Primeira Guerra Mundial, o uniforme do exército británico constaba, entre outras cousas, dunha gorra de tecido marrón. Os altos mandos, alarmados polo gran número de soldados atinxidos na cabeza, decidiron substituír este accesorio por un casco metálico. Mais o número de feridos na cabeza aumentou considerablemente. A intensidade da guerra era a mesma antes e despois deste cambio. Entón, por que se produciu tal aumento de feridos ao cambiar as gorras polos cascos?

2.

Un home vive só nun edificio durante dous meses. Nese tempo non recibe ningunha visita nin sae do domicilio practicamente para nada. Un día cansa desa vida e decide apagar e pechar todo e marchar. Este feito custoulle a vida a 90 persoas. Como é posible?

3.

A David notificáronlle que o seu traballo na Estación de Enerxía Nuclear *Milla* terminou. Aínda que David é coñecido polo seu carácter agresivo, é un cidadán exemplar e sempre é dos primeiros en presentarse como voluntario para todo tipo de actos solidarios. Dúas noites despois do seu cese, David entrou empuñando unha machada nas oficinas da Estación de Enerxía Nuclear. Conectou unha manguera e rociou os ordenadores, os rexistros e os arquivos, causando danos por un valor de miles de euros. Poucas horas despois, a Estación tivo noticia do estrago, mais tomou o acordo de volver contratalo. Por que?

4.

No medio dun deserto sen pegadas está tirado o corpo dun home espido. Preto del, un misto medio queimado. Que pasou?

5.

Un día estaba agardando o metro. Mentres almorzaba froita, como de costume, sentei ao lado dun mendigo. Na espera, vimos un home gordo pasar e o *senteito* murmurou “porco”. No lle dei moita importancia, aínda que me pareceu un maleducado. Antes de que chegase o tren, outro home pasou. Era alto e con traxe. Nese intre, o mendigo dixo “home”. No lle dei tampouco moita importancia. Ao día seguinte, o señor que pedía estaba de novo na estación de metro, e observeino desde certa distancia. Moita xente pasou por diante del, como unha rapaza delgada, un home musculoso e unha señora maior. Bisboulles “sopa”, “polo” e “galletiña”, respectivamente. Non deixei de pensar niso. Seguino observando durante varios días e sentín como chamaba a xente “ollomol”, “cenoria”, “coello” e outras cousas polo estilo. Un día púxenme diante del e dixo “mazá”. Nese momento deime conta do que ocorría. Entón, o horror invadiume. Cal era a habilidade do mendigo e por que me impactou tanto?

6.

Un pobre está sentado nun bar cando un rico senta preto del. Entón dáse a volta e dille: “Teño unha memoria prodixiosa, sei todas as cancións que existen”. O rico rise, ao que o pobre responde: “Apóstolle todo o diñeiro que temos nos petos a que podo cantar unha canción de verdade co nome de muller que vostede escolla”. O adañeirado volve rir e respóndelle: “De acordo, que che parece o nome da miña filla, Emily Rose McAllister?”. O indixente quedouse cos cartos. Que canción cantou?